



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE  
Dirección Xeral de  
Desenvolvemento Sostible

**METEOGALICIA**

# **INFORME CLIMATOLÓXICO**

## **MES DE OUTUBRO 2007**



## 1.- Resumo

### **Mes moi seco, con forte predominio de condicións anticiclónicas**

O mes de outubro caracterizouse en Galicia polas situacións de estabilidade atmosférica. As altas presións situadas ó norte da península Ibérica non permitiron a chegada de frentes atlánticas, e as dúas que se aproximaron ó noso litoral o fixeron practicamente sen forza. Deste xeito o mes comezou con algunha inestabilidade atmosférica logo do paso dunha fronte activa na derradeira xornada do mes de setembro. Pero a partir do día 3 as altas presións entraron xa en toda Galicia, estabilizando a atmosfera e deixando xornadas de tempo seco, soleado e con temperaturas máximas altas ata o día 14. O luns, día 15 unha fronte achegouse ó litoral de Galicia, pero con tan pouca forza que soamente deixou chuvias de carácter feble na metade norte de Galicia na mañá do 16. Entre o día 17 e o 22 as condicións foron novamente de estabilidade, para dar paso á chegada da segunda fronte do mes, novamente pouco activa, aínda que na tarde do 23 deixou chuvias importantes no norte de Lugo. O día 24 foi a única xornada do mes na que se rexistran chuvias xeneralizadas en toda Galicia, aínda que en xeral de carácter feble. A partir do 25 e ata o final do mes, novamente as altas presións dominaron a situación sinóptica, deixando desta volta temperaturas sensiblemente máis baixas que nos primeiros anticiclóns do mes. Esta baixada notouse principalmente nos valores mínimos, coas primeiras xeadas da temporada. Esta situación reflíctese nos mapas de anomalías de presións, con presións superiores á media, tanto en superficie como en altura ó norte da península Ibérica.

**Precipitación:** As chuvias foron en xeral moi escasas en toda Galicia, achegándose soamente á normalidade nas comarcas máis cantábricas, ó norte de Lugo. Destacan na escaseza de chuvia a zona das Rías Baixas e o sur da Coruña que non recibiron a visita de frentes do sudoeste, quedando os valores acumulados nestas zonas por debaixo dos 10 l/m<sup>2</sup>, o que constitúe unha nova efeméride meteorolóxica neste mes dende que existen medicións.

**Temperatura:** En canto as temperaturas destaca o contraste entre os valores mínimos e os máximos. As mínimas tiveron un comportamento que se pode cualificar como cerca do agardado aínda que con valores lixeiramente por debaixo debido ás madrugadas frías da última semana. Porén, as máximas marcan valores altos en xeral en todo Galicia, con valores en xeral entre 2°C e 3°C por riba dos valores medios agardados neste mes.



## 2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMA), no período 1973-2003 agás Santiago (1983-2003) .

O valor climático corresponde ó promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m<sup>2</sup>).

### CIS FERROL

	OUTUBRO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	15.5	15.7	18.4 (1997)	12.6 (1974)
Tª mínima media	11.8	12.7	15.3 (1997)	10.2 (1974)
Tª mínima absoluta	6.9 (día 28)	5.6 (12/10/1999)		
Tª máxima media	20.3	18.7	21.6 (1997)	15.0 (1974)
Tª máxima absoluta	25.3 (día 1)	28.0 (6/10/1978)		
Precipitación acumulada	14.2	92-114	309 (1990)	18 (1978)

#### Comentario:

*As temperaturas máximas estiveron moi por riba do agardado pero as mínimas estiveron por debaixo, resultando nunha temperatura media normal neste mes*

*A precipitación queda moi por debaixo do rango de valores normais na zona de A Coruña. O mes pode considerarse “moi seco”*



## SANTIAGO

	OUTUBRO 2007	VALORES CLIMÁTICOS *	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	14.6	14.8	17.4 (1997)	12.3 (1992)
Tª mínima media	9.8	10.6	13.2 (1997)	8.5 (1992)
Tª mínima absoluta	5.7 (día 16)	-0.5 (18/10/1992)		
Tª máxima media	20.8	19.0	22.2 (1989)	16.0 (1992)
Tª máxima absoluta	24.5 (día 12;20)	30.6 (03/10/1997)		
Precipitación acumulada	1.6	164-211	604 (1987)	40 (1986)

### Comentario:

*Temperaturas medias totalmente normais, novamente debido a combinación de temperaturas máximas moi cálidas e mínimas máis frías do agardado.*

*En canto á precipitación, o mes pódese considerarse moi seco. Constitúe o mínimo histórico tanto na cidade coma na serie do aeroporto (con datos dende 1944)*

\* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

## LUGO

	OUTUBRO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	12.9	13.1	15.4 (1994)	9.3 (1974)
Tª mínima media	7.5	8.7	10.8 (1994)	5.5 (1974)
Tª mínima absoluta	1.6 (día 22)	-2.0 (19/10/1980)		
Tª máxima media	20.6	17.5	21.2 (1985)	13.2 (1974)
Tª máxima absoluta	25 (día 14,15,21)	31.0 (10/10/1997)		
Precipitación acumulada	16.8	102-123	394 (1987)	10 (1985)

### Comentario:

*Temperaturas mínimas frías e máximas moi cálidas, uns tres graos por riba do valor climático. O promedio das temperaturas medias quedou practicamente igual ao valor climático agardado. En canto a precipitación, o mes queda moi por debaixo do agardado polo que o mes pode considerarse "moi seco"*



### PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	OUTUBRO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	15.3	15.1	17.8 (1989)	11.6 (1974)
Tª mínima media	10.1	10.2	12.7 (1997, 2001)	6.7 (1974)
Tª mínima absoluta	5.7 (día 27)	1.2 (31/10/1974)		
Tª máxima media	22.7	20.0	23.8 (1989)	16.4 (1974)
Tª máxima absoluta	26.7 (día 10)	31.2 (07/10/1989)		
Precipitación acumulada	4.2	164-210	596 (1987)	24 (1974)

#### Comentario:

*Temperaturas máximas moi cálidas, preto de 3 °C por riba do agardado. As temperaturas mínimas e as medias quedaron na normalidade*

*En canto a precipitación, o mes pódese considerar “moi seco”, sendo o novo mínimo histórico no mes de outubro na estación de Lourizán, con datos dende 1958*

### OURENSE

	OUTUBRO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	15.2	15.1	18.1 (1997)	11.6 (1974)
Tª mínima media	9.3	9.4	12.5 (1981)	4.9 (1974)
Tª mínima absoluta	3.9 (día 27)	-2.0 (31/10/1974)		
Tª máxima media	23.2	20.9	24.8 (1989)	17.8 (1987)
Tª máxima absoluta	27.3 (día 21)	33.0 (3/10/1983)		
Precipitación acumulada	9.6	75-91	282 (1987)	5.0 (1974)

#### Comentario:

*Mes normal en canto as temperatura medias e as mínimas e cálido respecto as máximas, 2.3 °C por riba do valor agardado.*


*En canto á precipitación, o mes pode considerarse “moi seco”, ao quedar moi por debaixo do rango de valores climáticos*



### 3.- Mapas

#### 3.1.- Anomalías de presión en superficie


**Anomalías de presión en superficie.**  
**Mes Outubro 2007**






### 3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa

**Anomalías de xeopotencial en 500 hPa.  
Mes Outubro 2007**





### 3.3.- Temperatura media das máximas




Tmáx -- 10/2007

[www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)





### 3.4.- Temperatura media das mínimas



T<sub>min</sub> -- 10/2007

www.meteogalicia.es



**3.5.- Choiva acumulada (litros/m<sup>2</sup>)**

